



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistema Educativo e Educación en Valores

Materia	Sistema Educativo e Educación en Valores			
Código	P02M066V03104			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS 3.5	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Profesorado	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Correo-e	aipsedep@gmail.com			
Web	http://http://educativo95.wordpress.com			

Descripción xeral	<p>Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dunha profesional do campo educativo que quere educar ser ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar a alguéun sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe.</p> <p>Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo.</p> <p>Para elo, e en primeiro lugar é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas i, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.</p> <p>A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algúun modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación.</p> <p>Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización.</p> <p>Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou más potentes que os que proceden da escola e incluso interfieren na súa acción.</p> <p>Polo tanto, faise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións específica e diferenciadamente deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de -Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.</p> <p>Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle otorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como a LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE si serían incluídos nos seus contidos.</p> <p>Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Secundaria é polo que un bloque de contido centrarse exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia consideránse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual compleméntase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE □ Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación).</p>
-------------------	---

Competencias

Código

- B1 Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
- B13 Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
- B16 Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
- B18 Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
- C6 Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
- C9 Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
- C10 Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- D1 Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
- D2 Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.	B1 B13 B16 B18 C6 C9 C10 D1 D2 D3

Contidos

Tema

Bloque temático 1. O universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos (Educación Formal, Non Formal e Informal).	1.1. Concepto de educación: características xerais e diferenciadoras. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piarezas da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas.
Bloque temático 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores, estudiantes, familia) e a súa evolución.	2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOE. Ensinanzas obligatorias e posobrigatorias. A Educación Secundaria e o Bacharelato. A Formación Profesional. As Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o rol das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. As asociacións escolares.
Bloque temático 3. A Educación en Valores.	3.1. Marco conceptual da Educación en Valores e Actitudes. Hacia unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante os valores e as actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante os valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a Educación en Valores e Actitudes.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	15	25
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	14.5	14.5
Lección maxistral	12	18	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Traballo tutelado	Os traballos de aula versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolma de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e complemetaria á información e os contados que se desenvolvan nas clases.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Os alumnos pola súa banda, coa oportuna orientación do profesor, afondarán en cuestións concretas que non foran abordadas máis que dun xeito moi xenérico na exposición deste e que sexan susceptibles de tratamiento de estudio recorrendo ós soportes documentais e bibliográficos pertinentes. O alumno realizará procuras documentais e bibliográficas para a maior comprensión dos bloques de contido. Neste sentido, apoiarse nas fontes e bases de datos especializadas tanto da biblioteca da nosa universidade como doutras fontes atopadas a través de internet.

Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estructurais que conforman o corpus cognitivo da materia.
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.
Traballo tutelado	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.

Avaluación

	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Estes traballos versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e consensuada co alumno/a e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.	30	B1 B13 B18	C10 D1 D2 D3
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolma de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e completemtaría á información e os contados que se desenvolvan nas clases.	20	B18	C10 D1 D2 D3
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estructurais que conforman o corpus cognitivo da materia.	50	B1 B13 B18	C6 D1 C9 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaluación

A cualificación final da disciplina resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha calificación positiva. O alumno que non realice todas as actividades de evaluación obterá unha calificación final de SUSPENSO. Na segunda convocatoria avaliarase mediante un exercicio escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- DELORS, J., **La educación encierra un tesoro**, Santillana, 1996
- PUIG, J. Mª et al., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, Octaedro, 2007
- SARRAMONA, J., **Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica**, Ariel Educación, 2000
- CARREÑO, M (edit.), **Teorías e Instituciones contemporáneas de educación**, Síntesis Educación, 2000

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ====

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

- * Metodoloxías docentes que se manteñen

Non hai cambios respecto á guía docente inicial.

Traballos tutelados.- Relacionados coa temática da materia.

Resolución de problemas de xeito autónomo.- Consistirán na realización dun análise crítico e reflexivo de texto ofertados relacionados co contido da materia.

Lección maxistral.- As leccións que conforman o temario da material. O profesorado centrará a exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, apoiado de medios visuais e bibliográficos.

- * Metodoloxías docentes que se modifican

Non existen modificacións con respecto á guía docente, Si, en canto ao modo de realización da docencia, xa que se empregará a metodoloxía virtual.

A plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (Faitic e Campus virtual) será o recurso para levar a cabo a actividade da materia.

- * Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizarase atención, seguimento e apoio do alumnado a través dos sistemas de comunicación on-line facilitados polo UVIGO correo electrónico, Faitic e despacho virtual.

Modalidade de concertación: previa cita.

- * Modificacións (se procede) dos contidos a impartir: Non hai modificacións respecto á guía docente inicial.

- * Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

Sumamos á existente inicialmente a que se refire:

Celestin Freinet. Técnicas Freinet da Escola Moderna.1ª ed . Editorial Kalandraka. 2019.

Colom Anton , Dominguez Emilia, Sarramona Jaume. Formación básica para los profesionales de la educación. Barcelona. Editorial Ariel, S.A.

Francesco Tonucci. A cidade dos nenos. 1ª ed. De 11/2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

Francesco Tonucci. Cando os nenos din basta!.1ª ed. 2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

Gonzalo Jover, Vincent González, Miriam Prieto. Una filosofía de la educación del siglo XXI. Editorial Síntesis, S.A, 2017.

Maria Montesori. Educación para un mundo novo. 1ª ed. 2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non existen modificación en referencia as mesma, SI en canto ao peso:

- Traballos monográficos tutelados (30%)
- Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier) (25%)
- Lección maxistral - Exame de preguntas curtas (50%)

- * Probas que se modifican

Traballos monográficos tutelados: a modificación correspón dese ao xeito de realizar a actividade, de forma virtual

Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier): non hai modificación

Lección Maxistral - Exame de preguntas curtas: exame de preguntas curtas a través do Campus Remoto e/ou Faitic.

* Información adicional:

A cualificación final da materia é continuada, coa integración das distintas notas, que deberán ser positivas. No exame de xullo avaliarase mediante o exercizo escrito, a entrega do traballo monográfico e o dossier (calquera das partes xa resoltas de xeito positivo, materá vixente está situación na segunda convocatoria). O alumno/a que non teña realizadas todas as actividades de avalición obtén a calificación de SUSPENSO.
